

Fachenda para destruír

TAREIXA NAVAZA

ESCOITABA ó señor Ramilo, patrón da Confederación Empresarial Galega, e non me estrañou o seu discurso pero si o ton empregado. Pensei que resucitara o xeneral e estaba a da-las ordes para enfrontar a medio país co outro medio. Ramilo non quere folgas nin sindicatos. Un especialista obxectivo diríalle que a folga non é o que está a impedi-lo desenvolvemento do país nin as inversións extranxeiras.

Algúns estanse a preguntar —o propio señor Villares— ¿por que se fai esta folga? Coido que son tantas as razóns que a lexitiman que non me chegarían varias páxinas deste xornal para explicalas. Resumirías en tres: Facilitalo despido e a contratación de man de obra barata e reducir drasticamente os dereitos dos traballadores. A reforma do mercado de traballo vai supór un retroceso sen precedentes que, en absoluto, vai ser útil para afrontar os problemas de emprego. Fomentará, iso si, a picaresca e a volta á *Lei da selva* nas relacións laborais, como ben se expresou no Congreso de Xentes do Dereito-Xuristas Progresistas.

O Tratado da CEE establece como principio fundamental do dereito comunitario «a necesidade de promover a mellora das condicións de vida e traballo da man de obra permitindo a súa igualación no progreso». Hoxe o Goberno o único que fai é agrandar a diferenza entre ricos e pobres. Non estaría mal que esquecera a súa arrogancia e prepotencia e despois do 27 dera unha viraxe radical. Cando apoiamos a mobilización lembrámo-las palabras de Federica Montseny: «Nada paga a pena se o home non é dono do seu destino».

es-
que
ex-
ide
za-
tos
no
tos
en-
na-
ia-
do
vo-
ali-
do
po-
do
nal
a e
rial
só
rios
obo
ra-
de-
dun
dir
ade
de